

BLOQUE 1.- AS RAÍCES DA ARTE EUROPEA: O LEGADO DA ARTE CLÁSICA

TEMA 4.- A ARTE BIZANTINA



Contexto histórico.....apunte

Arquitectura, caracteres.....apunte

OBRAS

- Santa Sofía de Constantinopla.....apunte

CONTEXTO HISTÓRICO

O Imperio Bizantino aparece no 395 cando **Teodosio dividiu o Imperio Romano en dúas partes**. Isto xerou **dous espazos históricos con distintas traxectorias**:

1.- O Imperio Romano de Occidente coa capital en Rávena, que sucumbirá aos ataques dos pobos bárbaros. Caracterizábase por:

- ✓ Será Espazo FRAGMENTADO
- ✓ Que VIVIRÁ un PROCESO de **RURALIZACIÓN**

2.- O Imperio Romano de Oriente ou Imperio Bizantino (395-1453) coa capital en Constantinopla, cidade fundada por Constantino no ano 330 sobre a antiga cidade de Bizancio.

- ✓ Será un ESTADO PODEROSO
- ✓ HERDEIRO DE ROMA E GRECIA
- ✓ Con mil anos de historia, ata que no ano 1453 os turcos conquisten Constantinopla.

Politicamente, que trazos definen ao imperio Bizantino?

✓ **A época máis brillante deste imperio é a do emperador Xustiniano (527-565) e a emperatriz Teodora.**

Xustiniano intentou :

- Revivir o antigo imperio romano e para iso levou a cabo conquistas en Italia, SE de España e norte de África.
- Promover a construción de grandes edificios en Constantinopla e en Rávena.

✓ **Ter unha poderosa economía comercial**, favorecida pola situación xeográfica (a orillas do Bósforo).

✓ Desde un punto de vista político o emperador era a **máxima autoridade política e espiritual** (cesaropapismo) e isto verase reflectido na arte. ¹

NA ARTE pódense establecer tres idades de ouro (momentos de esplendor).

- A máis importante é a **Primeira idade de Ouro**, etapa de Xustiniano
- Está ao servizo da igrexa : arte cristiá
- Está ao servizo do emperador = é unha arte áulica, cortesán

¹ (cesaropapismo=o emperador ten o poder pola graza de Deus, é o representante de Deus na terra)

A ARQUITECTURA, CARÁCTERES

A arquitectura **é unha mestura entre:**

- ✓ a grandeza da romana
- ✓ a elegancia grega
- ✓ o gusto polo luxo de Oriente.

A arquitectura bizantina ten un novo concepto de espazo: **é un espazo dilatado, dinámico, desmaterializado** como se ve perfectamente en Santa Sofía.

Utilizan o MOSAICO e capiteis con cimacio.

As construcións son sobre todo relixiosas (templos, basílicas, martiria e mausoleo).

O **pensamento cristiá en Oriente** lévaos a crer en que a vida **discorre baixo a presenza constante de deus (cúpulas) e a súa graza ilumínaos constantemente (ventás)**. Isto explica o seus conceptos arquitectónicos como o uso das cúpulas e tamén explica que a **contribución principal sexan as PENDENTES (principal innovación)** coas que sosteñen as cúpulas ás que lle dan especial protagonismo

Exemplos de arquitectura bizantina son San Vital de Rávena, San Marcos de Venecia ou a que imos analizar Santa Sofía de Constantinopla

Análise da obra

OBRA: Santa Sofía de Constantinopla

AUTOR: Antemio de Tralles e Isidoro de Mileto. Comitente Xustiniano

CRONOLOXÍA: 532-537. Primeira Idade de Ouro (quizás un ano axudou ao emperador?)

ESTILO: arquitectura bizantina



Santa Sofía é unha **basílica palatina**. Os autores foron o lidio, Antemio e o xonio, Isidoro de Mileto. O primeiro foi o arquitecto, o teórico, e Isidoro un enxeñeiro que lle deu corpo á idea. Tamén traballou Isidoro o Novo, sobriño do outro Isidoro quen foi o que confeccionou a cúpula definitiva no ano 568. **É o templo da Divina Sabiduría.**

Material


O materiais cos que está feita esta obra **son diversos**: o principal foi o **ladrillo** visible no exterior pero oculto no interior pola placas de **mármore** e **mosaicos**. *Tamén se usa a pedra, cerámica...*

Exterior

(se nos poñen a foto do exterior)) Estamos ante a imaxe exterior de Santa Sofía. O que máis destaca é a gran **cúpula** asentada sobre un tambor e os muros cheos de **aperturas** con grandes **contrafortes** para contrarrestar as tensións da cúpula. Ten aspecto externo é **macizo** e austero

Saliñaremos **o xogo de volumes graduados (coma unha fervenza) desde o cumio ata o chan.**

O aspecto **algo caótico** que ten actualmente procede de cando a basílica foi transformada, no século XV, en mesquita durante a época dos turcos otománs e lle colocaron os edificios anexos e os catro minaretos así como un empobrecemento decorativo.



Planta -interior

Ten planta **rectangular, basilical**, cun atrio porticado e un **nártice e exonártice**

Ten tres naves dispostas en dirección leste-oeste.

A nave central é maior, é mais ancha e máis alta que as laterais e deste xeito **se potencia o eixe lonxitudinal da igrexa**. Esta nave remata nunha ábsida externamente poligonal. As naves están separadas entre si por arcos sostidos por columnas e teñen **tribunas** no piso superior

Interior

(Se nos poñen esta imaxe comezamos por describirla)

Estamos ante a imaxe do interior de Santa Sofía onde apreciamos:

- No centro está a gran cúpula, parece suspendida no aire.



- A cúpula de 31 metros de diámetro **é gallonada** con corenta nervios e corenta plementos. Está feita con materiais lixeiros (morteiro, cerámica..)
- A súa base está perforada con **40 vans** que a fan flotar.
- Apoiada **en pendentos (pechinas)** e **sostida** por **catro piares (machóns)** que quedan camuflados
- Vemos as **paredes laterales** nas que se superpoñen:
 1. arcadas inferiores que levan as naves laterais,
 2. arcadas superiores que son as tribunas e na parte superior
 3. muro perforado de vans.
- Na imaxe comprobamos unha das características principais da arquitectura bizantina: o espazo **dinámico, dilatado** (*polos contrastes entre a rectas e a curvas, pola combinación de espazos entrantes e saíntes..*) e **desmaterializado** (*pola lixeireza dos muros, por perder a función sustentante e estar alixeirados*).

Importancia

Cal é a principal aportación desta obra?????:

o saber soste esta cúpula de 31 metros de diámetro e 54 de altura Foi o gran problema desta construción e a solución empregada a gran aportación da arquitectura bizantina. ¿como se solucionou?


- ✓ Empregan o novidoso **sistema de pendentos (pechinas)** que permiten o paso co espazo circular da cúpula ao cadrado da planta
- ✓ Estas pendentos canalizan o peso cara **catro grandes piares (machóns)**
- ✓ Axudan a soste o peso **dúas semicúpulas**, na cabeceira e nos pés da construción, e tamén dúas **pequenas cupulins** nos ángulos.
- ✓ Tamén se completa con catro **contrapias** macizos nas naves laterais que reforzan o papel dos 4 machóns
- ✓ E ademais as naves laterais teñen **dous pisos**, abovedados, tanto o inferior como o superior que absorbían tamén as presións.

(Polo tanto: Pechina, piares, semicúpulas, cupulín ou exedras, contrapias e piso abovedado)

Conclusión

Este sistema de contrarresto é totalmente orixinal. O resultado final é abraiante:

- ✓ **A cupula flota sobre un anel de luz,**
- ✓ **todo está impregnado de luz**
- ✓ **A luz penetra tamén das ventás das tribunas e dos muros laterais.**



Se a todo isto engadimos:

- ✓ que as paredes están recubertas por **numerosos mosaicos** con teselas de vidro e de pedras semipreciosas
- ✓ que os **cristais das ventás son marelos, púrpuras ...** os do piso inferior máis escuros para potenciar o brillo dos da tribuna
- ✓ que as **columnas e capiteis son de materiais ricos** como mármore, pórfido e basalto....

Entenderemos o efecto de **riqueza, brillo, opulencia, maxia, misterio e irrealidade** que sentimos en Santa Sofía. Entenderemos que era o lugar axeitado para a presenza de Deus e a do emperador. Claro exemplo da **arte ao servizo do poder**.

Santa Sofía é o cumio da arquitectura bizantina e serviu de modelo para moitas construcións posteriores, se ben ningunha a superou. É o mellor exemplo de como a arquitectura bizantina é unha mestura entre :

- ✓ a grandeza da romana
- ✓ a elegancia grega
- ✓ o gusto polo luxo de Oriente

-----oOo-----

lecturas

Interésanse polos interiores luxosos e para iso cobren paredes con brillantes mosaicos, moitas veces dourados. A isto hai que engadir a orixinalidade dos seus capiteis, nos que colocan unha peza chamada CIMACIO que axuda a altura e a aumentar a decoración. O gusto pola decoración abundante e dourada está en relación a identificar a divindade coa cor dourada e ao emperador tamén (é o mediador entre deus e o pobo)

*O material empregado nas construcións é a pedra e o ladrillo que soen ser enmascarados coa abundante decoración. Nos interiores os brillos dos riquísimos mosaicos (dourados) que recobren paredes e ábsidas reforzan a luminosidade, tan característica. Gran parte das obras localizáronse en Constantinopla. A súa posición estratéxica ás beiras do Bósforo e entre a ruta do Mediterráneo e do Mar Negro e o feito de ter un porto natural seguro, fixo que o emperador Constantino a convertera en capital e a dotara de edificios como avenidas, hipódromos, pazos ou templos, polo que foi unha corte esplendorosa durante mil anos. En **escultura** destacan os traballos de ourivería, esmaltes, e relevos en marfil para cerimoniais e en **pintura** son salientables os traballos de pintura mural sobre madeira (iconas) e o mosaico.*

O mosaico

Foi a gran aportación de Bizancio. Úsano para recubrir paredes e así desmaterializan o muro

Empregárono para cubrir as paredes, as bóvedas e as cúpulas. Seguiron as técnicas romanas pero engadiron unha rica gamma cromática na que o dourado é o protagonista. Os temas representados son basicamente relixiosos: Pantocrátor, na cúpula, Teotocos na ábsida, episodios bíblicos de Xustiniano e Teodora en San Vital de Ravena, representacións hieráticas, simétricas, planas e frontais sobre fondos irrealis dourados. A antinaturalidade proporciona un carácter divino, atemporal dos representados.